

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13/05/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
D. ALVARO CAROU GARCÍA
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 09:30 do día 13/05/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía relativa á celebración de sorteo para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das Eleccións de Deputados e Deputadas ao Parlamento Europeo.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D.Fernando Pérez Quintela utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Realiza o sorteo para elixir os membros das Mesas Electorais a funcionaria municipal Dona M^a Carmen Cores Miguens

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DE SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS DE DEPUTADOS E DEPUTADAS AO PARLAMENTO EUROPEO.-
Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

O próximo día 9 de xuño de 2024 celébranse as Eleccións de Deputados e Deputadas ao Parlamento Europeo, sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 1 de febreiro de 2024, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 31 de xaneiro de 2024.

O BOE de 16 de abril de 2024 publica o Real Decreto 363/2024, de 9 de abril, de convocatoria de eleccións ao Parlamento Europeo e establece que en España elixense sesenta e un representantes para a lexislatura 2024-2029, sendo o número total de escanos no Parlamento Europeo de 720.

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

O artigo 210 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Rexime Electoral Xeral, establece o seguinte: "para que un cidadano, non español, da Unión Europea poida exercer o dereito de sufraxio activo en España, deberá optar previamente en tal sentido".

O dereito de sufraxio pode emitirse presencialmente en urna no local electoral, pode realizarse por correo para os electores residentes en España e tamén por correo para os electores temporalmente ausentes no extranxeiro. Así mesmo pódese exercer o dereito de sufraxio nos Consulados (por correo ou en urna) para os electores residentes no extranxeiro (CERA), e por último existe a posibilidade de emitir voto braille.

O Concello de Vilagarcía de Arousa , o día 10 de abril de 2024, solicitou á oficina do Censo Electoral (Estatística) o incremento de 3 mesas electorais, pasando de 54 a 57, debido ao elevado número de electores en determinadas mesas, sendo estimada a petición, en relación coas mesas electorais seguintes:

Situación anterior:

Distrito 2 Sección 002 Mesas A, B (Colexio Electoral Centro Sociocultural de Faxilde)
Distrito 1 Sección 003 Mesa U (Colexio Electoral Casa da Cultura)
Distrito 1 Sección 004 Mesa B (Colexio Electoral Centro Cultural de Trabanca Badiña)

Mesas electorais actuais:

Distrito 2 Sección 002 Mesas A, B, C (Colexio Electoral Centro Sociocultural de Faxilde)
Distrito 1 Sección 003 Mesa A, B (Colexio Electoral Casa da Cultura)
Distrito 1 Sección 004 Mesa B, C (Colexio Electoral Centro Cultural de Trabanca Badiña)

(Os cambios citados foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 22 de abril de 2024).

Á vista do anterior, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 57 mesas electorais, en total 513 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIONES, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal tarefa. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas o 18 de maio de 2024.

Vilagarcía de Arousa, 6 de maio de 2024.

O ALCALDE - PRESIDENTE;

Alberto Varela Paz.
Sinatura dixitalizada.

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as asistentes ao Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 57 mesas electorais, en total 513 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓN, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal tarefa. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas o 18 de maio de 2024.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:05, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.